



IV CERTAME LITERARIO X.C. GÓMEZ ALFARO

“HOMES E MULLERES DO MAR”

A Organización de Produtores Palangreiros Guardeses (ORPAGU), en colaboración coa Editorial Galaxia, con desexo de promocionar a literatura galega e iniciar aos mais cativos no mundo literario, convoca a cuarta edición do certame literario “HOMES E MULLERES DO MAR”.

Este premio poderá ser alcanzado por todos os autores e autoras cun relato curto escrito en lingua galega concorde coa idade, tema e valores sinaladas nas bases do concurso excepto as persoas gañadoras de edicións anteriores.

IDADE

- De 10 a 12 anos.

TEMA

- “Homes e mulleres do mar”

PARTICIPANTES

- Nenos e nenas de 10 a 12 anos de toda Galicia.
- A persoa premiada non poderá participar na edición consecutiva.

MODALIDADE E CATEGORÍAS DOS RELATOS

- Unha única modalidade na que inclúa o idioma galego.
- Cada participante só pode presentar un escrito.
- Os traballos presentados terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de seis.
- Formato de texto, arial 11 a dobre espazo e por unha soa cara.
- Deberán ser orixinais e inéditos, polo que non se terán en conta aqueles que xa fosen presentados e premiados en outros concursos.
- Os traballos presentados deberán ser de ficción, polo que o xurado non admitirá ensaios ou redaccións sobre o tema proposto.

ENTREGA DOS RELATOS

- Os relatos en formato papel presentaranse na oficina da Organización de Palangreiros Guardeses (OR.PA.GU.) na dirección calle Manuel Álvarez, 16 (baixo), C.P.36780 A Guarda (Pontevedra) en horario de 09.00 h a 14.00 horas de luns a venres.



- Os relatos entregaranse en formato papel dentro dun sobre cerrado, POR TRIPLICADO e sen asinar.
- Axuntarase outro sobre cerrado que conterá no seu interior o nome e apelidos, idade, dirección, correo electrónico e teléfono do autor.
- No exterior de ambos sobres deberá constar a referencia do concurso “Homes e mulleres do Mar” e título da obra.

PRAZO DE ADMISIÓN

- Dende o 01 de abril ata o 30 de abril.

PREMIOS

- Unha tablet, un galardón e un lote de libros da Editorial Galaxia.
- A entrega do premio será nun acto que se celebrará o día 01 de xuño na sede da Organización.

XURADO

Teremos o privilexio de contar cos seguintes escritores, que valorarán a orixinalidade que propoñan os relatos presentados, así como un estilo e calidade narrativa.

Raquel Castro (*Alxén - Salvaterra de Miño – Pontevedra. 1971*): Licenciada en Filoloxía galego-portuguesa e Filoloxía Hispánica dá clases de educación secundaria. En 1999 fundou a Asociación Teatral de Alxén da que é presidenta e comezou a dirixir o grupo de teatro Ata Sempre de Alxén de dita asociación. Escribe as pezas dos dous grupos que pertencen á Asociación, infantil e adultos. Tamén escribiu pezas para o grupo de teatro do CEP Carlos Casares de Alxén. É secretaria da Asociación Cultural e Folclórica Os do Eido de Alxén e da Escola de Xadrez de Salvaterra de Miño.

No IES Ribeira do Louro, onde traballa, coordina o Premio Roberto Vidal Bolaño de Teatro que se convoca en colaboración coa Editorial Galaxia e o Concello de O Porriño. Neste mesmo centro dirixe un grupo de teatro de alumnos e alumnas da ESO.

Entre os seus premios, atopase o Premio de Honra nos premios Estornela de Teatro que convoca a Fundación Xosé Neira Vilas coa obra *As terapias da doutora Leticia*.

Manrique Fernández (*Sistallo – Cospeito - Lugo. 1965*): Licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid, traballou en Galicia en distintos medios de comunicación. Entre 2002 e 2017 exerceu de director-xerente da Fundación Rogelio Groba. Froito da colaboración co compositor naceron diversos traballos, como a súa biografía autorizada, “Meditacións en branco e negro” (Xerais, 2000); ou libro de conversas “Diabolus in musica” (Galaxia, 2011). Tamén xurdiron outras colaboracións como letrista dalgunhas das



súas composicións: as óperas “Floralba” e “Pedro Madruga. O noso Rei”, unha ópera infantil (adaptación do conto de Charles Perrault “O gato con botas”), a cantata “Corpus en Pontearas”, o réquiem “Samaín. Réquiem galego”, e varias cancións.

O libreto da ópera “Floralba” e máis un poema longo que a inspirou, foron recollidos nun volume co mesmo título (Egasur, 1999); pouco máis tarde publicou tamén o libro “Pontearas máxica. Mitos, ritos e lendas” (Asociación de Comerciantes de Pontearas, 2002). Ademais é autor da colección de relatos “Crónicas de Embora” (Toxosoutos, 2014), a novela “Tres feridas” (Belagua, 2015), e a obra de teatro infantil “Hermes, aprendiz de mago” (Galaxia, 2017).

Na actualidade escribe un blog con recensións literarias (“O meu andel”) e colabora co Concello de Pontearas na organización de actividades culturais, como o ciclo “Venres D_letras”.

Diego Giráldez (*O Porriño- Pontevedra. 1976*): Leva toda súa vida profesional vinculado ao xornalismo. Dirixiu distintos xornais e revistas, colaborou como columnista de opinión en medios como A Nosa Terra, A Peneira ou Xornal de Galicia, e, a través de reportaxes culturais, con El País. Na actualidade escribe para o diario dixital Praza Pública e a Revista Luzes e dedícase profesionalmente á comunicación corporativa.

Licenciado en Historia da Arte, ten varios traballos publicados que van dende a arquitectura ata a historia económica. Sen renunciar á creación literaria, con vinte anos participou, canda outros autores, no poemario “Baldío”. Máis tarde, en 2016, saía á luz o seu libro “Galería de saldos”, o seu primeiro traballo literario de narrativa. Este libro de relatos valeulle o aplauso unánime de crítica e público, sendo elixido “Autor galego do ano” polo lectorado da revista Fervenzas Literarias.

En 2010, gañou o Premio Literario “José Saramago” de relato curto. Ese mesmo ano recibiu no seu pobo o Premio Círculo “Cultura”. En 2015, fíxose co primeiro accésit do Certame Nacional de Narracións Breves “Modesto R. Figueiredo” e un ano despois gañaba o prestixioso premio literario “Manuel Murguía”. O seu último libro publicado é a novela “Hotel para coleccionistas discretos”.

FALLO

- Será publicado o día 14 de Maio do 2018, na páxina web da Organización de Palangreiros Guardeses (<http://www.orpagu.com>)

OBSERVACIÓNS

- Para calquera consulta sobre o concurso ou as súas bases, pode dirixirse a seguinte dirección de correo electrónico: concursorelatosorpagu@gmail.com



- A Organización reservase os dereitos de reprodución gratuíta dos relatos presentados, citando sempre o nome e apelidos do autor ou autora.
- As obras serán validadas pola organización do concurso, reservándose o dereito de non facer públicas aquelas obras que se consideren non adecuadas ao espírito do concurso por diversos motivos, como pode ser por contido ofensivo.
- As obras non premiadas serán arquivadas ou destruídas pola Organización, garantindo así que non se fará ningún uso indebido do seu contido. Se o autor/a o indicase expresamente no momento da inscrición, devolverase a súa copia.
- O feito de participar supón a total aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado.
- A Organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.
- A Organización de Palangreiros Guardeses, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informa que os datos persoais que Vd. nos proporciona, serán engadidos no ficheiro CERTAME LITERARIO X.C. GÓMEZ ALFARO“HOMES E MULLERES DO MAR”
- O certame literario X.C. GÓMEZ ALFARO“HOMES E MULLERES DO MAR”, titularidade de esta entidade, ten como finalidade e xestionar, difundir e fomentar o interese cultural e social organizado por ORPAGU no ámbito das súas competencias.
- Se o desexan, poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á oficina de Orpagu en A Guarda, calle Manuel Álvarez, número 16 – baixo.